

Noticias

CULTURA

Roberto Varela afirma que "a cultura de Galicia ten que ser como a obra de Gelman, viva, aberta e en constante evolución"

[21/04/2010] Na entrega do premio Escritor Galego Universal a Juan Gelman, o conselleiro de Cultura e Turismo definiu ao escritor como un "paradigma ético e estético, ás veces empapada de tenrura, outras veces alporizada pola inxustiza".



Santiago.- O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, entregou no serán de hoxe o premio Escritor Galego Universal da Asociación de Escritores en Lingua Galega a Juan Gelman. Na súa intervención, o conselleiro destacou que "a cultura de Galicia ten que ser como a obra de Gelman, viva, aberta e en constante evolución"

A raíz da entrega do premio, Roberto Varela afirmou que "en Galicia a cultura está, como a vexetación, en todas partes,

en todos os camiños e todos os muros e fachadas". Unha cultura que o conselleiro de Cultura e Turismo definiu como "de todas as épocas, todos os estilos e todas as influencias":

Roberto Varela enxalzou a obra de Juan Gelman por "todo canto ten escrito e loitado en favor da liberdade persoal e política, sen que o frease o enorme sacrificio e a enorme dor que a vida lle deparou". O conselleiro de Cultura e Turismo definiuno como un "paradigma ético e estético" e co gallo do contexto do premio, destacou ao poeta de Bos Aires como "un escritor cunha lírica excelsa, ás veces empapada de tenrura, outras veces alporizada pola inxustiza".

Segundo o conselleiro, a elección do poeta e xornalista arxentino como Escritor Galego Universal, reside no seu compromiso "con valores universais que todos compartimos" e na súa universalidade ao tratar temas como "a infancia, o amor, a muller, a morte, o outono ou a revolución". Roberto Varela, uniu estas temáticas á tradición literaria galega, definíndoas como "obsesións que levan cantando os poetas galegos e de todas as partes do mundo desde hai séculos".

Intercambio cultural

O conselleiro de Cultura e Turismo incidiu na orixe arxentina de Juan Gelman xa que "para ser un Escritor Galego Universal non é imprescindible ter nacido en Galicia, nin ser fillo de galegos, nin vivir nesta terra". Ao fio desta idea destacou a consecución do galardón por parte do escritor arxentino porque demostra que "escribindo en castelán e vivindo tan lonxe desta terra, pódese chegar a ser un escritor galego universal".

Roberto Varela situou a proposta que debe acadar Galicia neste momento en "saír cara fóra, conversar con outros, fabricar e vender cultura e perderlle medo a convivir con outras manifestacións".

Buscar en noticias

Busca avanzada

Buscar

Máis noticias

Santiago acollerá en decembro o Foro 2010, un seminario pola paz que contará cos músicos Juanes e Miguel Bosé
[20/04/2010]

O poema "Negra Sombra" de Rosalía unirá as prazas galegas no Día do Libro
[20/04/2010]

Turismo reuniuse cos representantes dos órganos provinciais para traballar no primeiro plan de desestacionalización de Galicia
[20/04/2010]

Xacobeo 2010 presenta a quinta edición do Festival Internacional de Folclore Xuvenil Queixumes dos Pinos
[20/04/2010]

Cultura e Turismo apoia a XI edición do Congreso de Empresarios Hoteleiros que se celebrará en maio en Santiago
[20/04/2010]